

XI TRÍATLON CONCELLO DO PORRIÑO- TUI

(Proba da Liga Galega de Tríatlon de estrada e Proba Popular aberta a licenzas temporais de un día)

REGULAMENTO

Organiza:

Concello do Porriño.

Email: deportes@oporrino.org

Concello de Tui.

Federación Galega de Tríatlon.

Teléfono: 982 251 345.

Secretaría Xeral para o Deporte.

Deputación Provincial de Pontevedra.

Comandancia Naval do Miño

Policía Local do Porriño.

Policía Local de Tui.

Guardia Civil de Tráfico (Porriño)

Protección Civil do Porriño

Colaboran:

1. Datas e horarios das carreiras:

Domingo 14 de xuño de 2026

11:30 h Saída Masculina – Liga Galega

11:40 h. Saída Feminina- Liga Galega

11:45 h. Saída Proba Popular Masculina

11:46 h. Saída Proba popular Feminina

Hora de remate da proba: 13:30 horas aproximadamente

2. Distancias:

Sprint:0,750 km de natación (1 volta) - 20, 2 km en bicicleta (1 volta)- 5 km de carreira a pé (2 voltas)

3. Inscricións: **Do 14 de maio ás 10:00 h. ao martes día 9 de xuño ás 23:59**

Máximo 350 participantes (10 prazas reservadas na proba popular)

4. CRONOMETRAXE con Chip amarelo en propiedade ou aluguer:

Haberá cronometraxe championchip. Será **obligatorio o uso do chip amarelo Championchip**, os/as participantes que teñan en propiedade o chip amarelo deberán indicalo no correspondente apartado da inscrición, poñendo o número de chip de posuílo.

OS CHIPS SON INTRANSFERIBLES. NON SE PODE CORRER CO DOUTRA PERSOA

No caso de non ter chip amarelo ou telo extraviado poderán alugar un chip branco con tobillera para o seu uso na proba. Para isto deberán acceder á seguinte ligazón de Champion Chip para poder recibilo o día da proba depositando unha fianza

<https://ccnorte.com/evento/detalle/id/2470/gestion-de-chips-pruebas-fegatri>

As opcións que recollerá a ligazón de cara á súa obtención serán as seguintes:

- Aluguer de chip e tobillera- Aboaranse 10 € , coa devolución do chip e tobillera devolveranse 8 €

**HABERÁ CHIPS DE ALUGUER PARA INCIDENCIAS NA PROBA A UN CUSTE DE 10 €
DEVOLVERANSE 5 € COA DEVOLUCIÓN DO MESMO .**

5. Forma de Inscrición:

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Competicións/inscricións](#) accedendo á proba. Todas serán aboadas por TPV

****Federados con licenza de ámbito estatal .- Prezo= 15,00 €-**

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club e a contrasinal

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licenzas temporais de 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducíranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de 20,00 € + 15,00 € Inscrición) **Total ingreso *35,00 €** (*xjuvenís 15,00€ inscrición+ 6,00 euros de licenza de un día) Total ingreso 21,00€

Para que a inscrición sexa válida, imprescindible enviar a copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com) a través da plataforma de inscricións

6. Baixas e política de devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións de baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas a semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

7. Publicación de listas de persoas inscritas e lista de agarda:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

8. Lista de Agarda:

Esgotadas as prazas abrírase unha lista de espera . A lista de espera xestionarase diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 h do mesmo día. A última incorporación farase o mércores previo á proba ás 14.00

9. Saída, transición 1:

Comandancia Naval do Miño

10. Transición 2:

Avenida Domingo Bueno, Porriño.

11. Meta:

Praza Antonio Palacios, Porriño

12. Recollida de dorsais:

Centro cultural, a carón da Transición (T1) en Porriño, o día da proba de 9:00 h. a 10:15 h.

13. Reunión técnica:

Publicada online o xoves previo á proba, na páxina da proba no calendario da FEGATRI

14. Control de material:

T1 (Tui) : De 10:15 a 11:15 h.

T2 (Porriño) : De 9:30 a 10:30 h.

15. Categorías:

Proba Popular- Absoluta

Proba de Liga- Xjuvenil, Junior, Sub23, Absoluta, Veteranos 1,2,3 e clubs

16. Trofeos e premios:

- Trofeos para os tres primeiros de cada categoría e xénero
- Trofeo para deportista masculino e feminina co mellor tempo corredores empadroado en Porriño

-PREMIOS ECONÓMICOS

1º/1ª	Deportista	masculino e feminina	150 €
2º/2ª	Deportista	masculino e feminina	100 €
3º/3ª	Deportista	masculino e feminina	50 €
1º	Club	Masculino e feminino	200€

- Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"- Exxecpción Covid de non poder atender á entrega deberá comunicalo a XA ou DT para non ser penalizado

17. 18. Normas de competición:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

[Ver Regulamentos](#)